

O SABER FILOSÓFICO

1. Aproximación ó concepto de filosofía

1.1 Qué é a filosofía?

O que move a esta disciplina é o amor! Etimolóxicamente *filo-sofía* derívase do grego φιλοσοφία ,φιλεῖν (fileîn) “amar” e σοφία (sofía) “sabedoría”, trátase da necesidade de dar senso ás cousas, da necesidade de buscar respostas, da atracción pola verdade! Pois o ser humano, a diferenza dos animais non só viven senón que ademais pregúntanse pola vida. A filosofía é cuestionamento!

Foi Pitágoras de Samos no s. VI a. C. o primeiro en chamarse así mesmo “filósofo” indicando así que *non sabe* pero que *necesita saber*. A necesidade de saber aparece en tódalas culturas pero en case todas elas a resposta era de carácter mitolóxico, preracional e será a partir do s. VI a. C. nas colonias gregas de Xonia (actual Turquía) cando se dá o “*Paso do mito ó logos*”, vexamos nesta táboa a diferenza entre o pensamento mitolóxico, irracional e as respostas racionais, lóxicas (logos = razón) da filosofía:




MITO	VS	FILOSOFÍA
<u>O QUE PRETENDEN AS DUAS EXPLICACIÓNS É O MESMO: COMPRENDER A NATUREZA E OS PROBLEMAS ÓS QUE SE ENFRENTAN OS SERES HUMANANO PERO O XEITO DE FACELO É DIFERENTE.</u>		
<ul style="list-style-type: none"> • RELATO TRADICIONAL IMAXINATIVO E FANTÁSTICO • ANIMISTA E ANTROPOMÓRFICO (FORZAS DA NATUREZA PERSONIFICADAS E DIVINIZADAS) • TRASCENDENTE • DOMINADO POLO DESTINO E VONTADE DIVINA • CAÓTICO ,IMPREVISIBLE • INDETERMINADO • MÁXICO • ACRÍTICO E DOGMÁTICO 		<ul style="list-style-type: none"> • RELATO ARGUMENTADO MEDIANTE EXPLICACIÓNS RACIONÁIS • NATUREZA E NECESIDADE • INMANENTE • DOMINADO POLAS LEIS DA NATUREZA • COSMOS ORDEADO POR LEIS ESTABLES • DETERMINADO • ANALÍTICO • CRÍTICO ,REVISABLE, • BUSCA AS CAUSAS QUE PERMITAN ACLARAR OS MOTIVOS ÚLTIMOS , OS POR QUES
		

Ilustración 1.

Tentemos elaborar unha **definición**: a filosofía é unha arefa non rematada xa que aspira a un saber racional (é dicir, lóxico, non arbitrario nin contradictorio), radical (pois trata de aclarar as razóns últimas) crítico (pois pretende desenmascarar prexuízos para ser independente), sistemático (pois ofrece unha visión estruturada), universal, holístico...e tamén práctico (pois

vincula o coñecemento coa vida). Por todo o dito, dende a filosofía nunca atoparemos respostas completas ou definitivas, servímonos das respostas doutros pensadores coma punto de partida pero a búsqueda non se da nunca por rematada. A Filosofía é cuestionamento e o desafío consiste en pensar por nos mesmos! Por iso para un filósofo o mais importante é a “capacidade de asombro”.

A filosofía é reflexión sobre cuestións problemáticas para o *Home* tales coma a existencia e o ser (ontoloxía e metafísica) o coñecemento (epistemoloxía e gnoseoloxía), a propia razón (lóxica), a moral (ética), a beleza (estética), a relixión (teoloxía)...etc Como ves, coma actividade a filosofía é búsqueda e coma disciplina é un corpo de coñecementos.

2. A filosofía fronte a outros saberes

O saber filosófico xorde do mito pero tal e coma vimos as respostas e explicacións son diferentes. Vexamos agora a diferenza entre filosofía, relixión, ciencia, arte e o saber común:

2.1 Filosofía Vs Relixión

A relixión non busca a verdade pois parte dunha verdade revelada, unha verdade absoluta e eterna (aquí centrámonos na tradición Xudeo-Cristiá) A argumentación racional úsase para demostrar verdades de fe pero non admite crítica ós seus dogmas polo que fai reflexión sobre si mesma e o valor da súa crenza pero sempre partindo das verdades reveladas eternas. O seu discurso está orientado á totalidade da vida humana incluída a que poidera haber despois da morte por iso e a igual que a filosofía a súa resposta é tamén universal e global. Pero a relixión apoia-se na FE (crenza persoal baseada na revelación) e os seus dogmas incuestionables, non se razoan... débense aceptar e obedecer acriticamente.

2.2 Filosofía Vs Ciencia

A ciencia busca a verdade racionalmente a igual que a filosofía pero indaga as causas inmediatas ás cousas, observables e experimentais polo que a ciencia é un saber descriptivo e progresivo, acumulativo e predictivo (pois presupón que a natureza ten unha orde e constancia susceptible de ser anticipada) pero é sectorial xa que se ocupa de parcelas da realidade. O seu método é científico, fundamentalmente o hipotético deductivo.

2.3 Filosofía Vs arte

O obxectivo da arte é comprender, expresar, criticar, concienciar...a igual que a filosofía, pero a arte aspira a crear beleza, entreternos ou facernos vibrar emocionalmente.

3. Concepcións da filosofía

Resulta difícil explicar as distintas concepcións da filosofía porque hai case tantas como sistemas filosóficos. A filosofía consiste nun corpus de ideas, máis ou menos coherentes, nas que se recollen as concepcións máis xerais que o ser humano sostén en relación ó mundo no que vive. Isto é o que se chama un sistema filosófico, é dicir, unha unidade estruturada de crenzas ou propostas explicativas a cerca da realidade que relaciona principios metafísicos, epistemolóxicos, científicos, éticos e políticos. Os considerados primeiros sistemas na historia da filosofía foron a filosofía de

Platón e Aristóteles, xa que trataban de dar unha explicación coherente e relacionada entre todos os ámbitos da realidade natural e humana.

- a) A Filosofía coma saber de saberes. Dende esta concepción considérase que a filosofía é un discurso de segunda orde (coma unha metalinguaxe, unha linguaxe que fala a súa vez da linguaxe. A gramática poder ser considerada unha metalinguaxe), é dicir, un saber abstracto. As distintas disciplinas científicas (cc.naturais ou humanas) ocúpense do coñecemento do mudo natural e humano, e a filosofía constituiría unha explicación de segunda orde que toma como obxecto de reflexión (o obxecto dunha ciencia é aquilo do que se ocupa) esas disciplinas científicas, para analizar e descubrir cales son os seus presupostos, métodos, límites da súa certeza, etc.
- b) A Filosofía coma crítica da cultura. Para algúns autores a tarefa máis importante da filosofía é a análise crítica da sociedade e a súa cultura para poñer de manifesto os condicionantes socioculturais, económicos e prexuízos, etc., que polo xeral non son conscientemente coñecidos pola maioría das persoas, pero que inflúen decisivamente na forma de pensar, sentir e actuar. Como sostíña Marx, a filosofía non se debe limitar a interpretar o mundo, senón que debe tratar de cambialo. Nietzsche é outro filósofo contemporáneo de Marx que tamén orienta o seu discurso filosófico á crítica de toda a cultura occidental, o considerar que supuxo a “inversión” dos valores da antiga Grecia.
- c) A filosofía como sabedoría práctica. I. Kant, o filósofo máis relevante da Ilustración, sostén a existencia de dous usos da razón: a razón teórica, que trata de responder á pregunta, que podemos saber?, e unha razón práctica, que responderá á pregunta, que podo facer? A función fundamental da filosofía non é ser un saber meramente teórico, senón dar ó ser humano un conxunto de ideas e principios que lle axuden a unha relación segura e harmoniosa co resto das persoas, que contribúa a súa felicidade e benestar. Esta tarefa recaerá nas dúas principais disciplinas da filosofía práctica: a ética e a política.
- d) Concepción postmoderna da filosofía. A filosofía actual ten unhas pretensións moito máis humildes que a metafísica tradicional. Xa non busca verdades absolutas, xa non podemos esperar unha verdade obxectiva e segura. Na segunda metade do século XX tamén a ciencia empírica renuncia a este obxectivo e acepta unha postura máis modesta respecto dun coñecemento absoluto sobre a natureza e o universo. O máximo que podemos pretender no ámbito da filosofía é persuadir e convencer ós demais dos nosos puntos de vista, sen pretender demostracións válidas para todos, aceptando outras perspectivas igualmente válidas, pois non hai un criterio seguro que nos permita determinar que visión do mundo é a máis acertada. Como exemplo deste novo enfoque, as éticas dialóxicas contemporáneas de Habermas o J. Rawls, fundaméntanse nesta idea o asumir que a verdade non é “propiedade” de ninguén, e o diálogo é o mellor camiño para resolver os conflitos e diferenzas morais ou políticas.

4. As divisións tradicionais da filosofía

A filosofía como saber universal e sistemático trata de comprender o conxunto da realidade, pero esta é complexa e polifacética. Por esta razón, a filosofía debe escindir-se en disciplinas, para tratar de explicar unha realidade humana e natural poliédrica. Para poder respostar utiliza a razón en dous sentidos ou usos: un teórico que ten coma obxectivo coñecer e outro práctico que o que pretende é pensar sobre as posibles repercusión do noso actuar.

4.1 A FILOSOFÍA TEÓRICA a podemos dividir nas seguintes disciplinas

4.1.1 *Filosofía teórica sobre a REALIDADE*

- **Metafísica:** trata sobre os primeiros principios e causas do ser. A metafísica aborda os problemas centrais da filosofía, como son os fundamentos e estrutura da realidade, o sentido e finalidade do ser. O principio básico da metafísica susténtase no principio de non-contradición, razoamento que establece a imposibilidade de que algo sexa e non sexa simultaneamente. A metafísica a podemos dividir en dúas ramas principais: a ontoloxía, que se ocuparía do ser en canto ser, e a teodicea que trata a xustificación racional de Deus.
- **Antropoloxía:** estuda a natureza, esencia e fin ou sentido da existencia do ser humano. O home, como centro do problema filosófico, no seu afán de atopar unha explicación á súa peculiar forma de ser no mundo, determinou o rumbo de múltiples reflexións que se recollen nesta disciplina.
- **Cosmoloxía:** κόσμος é un termo grego que significa “orde” polo que a cosmoloxía ocúpase de coñecer as leis do universo globalmente para entender a súa orixe e evolución. Hoxe forma parte da física e ofrece respostas sobre o universo apoiándose na investigación experimental.

4.1.2. *Filosofía teórica sobre o COÑECEMENTO*

- **Gnoseoloxía:** tamén podemos chamarlle Teoría do Coñecemento, estuda a orixe, natureza, posibilidades e límites do coñecemento dende un punto de vista filosófico. Que é a verdade e coma a podemos acadar así coma as diferentes maneiras ou actitudes ante a mesma.
- **Epistemoloxía:** en ocasións utilízase como sinónimo da gnoseoloxía, xa que o seu obxecto non é moi diferente. A epistemoloxía ocupase da verdade e fundamento do saber científico, episteme ven do termo grego ἐπιστήμη que significa ciencia, Platón indica que episteme é aquel saber xustificado coma verdade de ahí que o consideremos científico. A súa función é analizar os presupostos e argumentos que se empregan na ciencia para xustificar as teorías e modelos científicos, os diferente métodos e consecuencias que se derivan da aplicación dos mesmos coma ferramentas para dar coa verdade. As dúas disciplinas, como vemos, conflúen no problema da certeza dos nosos coñecementos.
- **Lóxica:** ciencia formal, rama da filosofía que busca coñecer as leis que rexen os razoamentos, é dicir, estuda a inferencia e a demostración. É un saber propedéutico que analiza o pensamento en sí mesmo, a estrutura formal dos razoamentos sin referencia ós obxectos por iso dicimos que se trata dun saber formal.

4.2 FILOSOFÍA PRÁCTICA

A filosofía práctica ocúpase da acción. Trata de dilucidar sobre o que nos convén elixir, decidir... tanto no plano individual – ética – coma no plano colectivo – política-.

- **Ética:** estuda a moral e a acción humana. A ética é a sistematización da moral porque trata de coñecer os valores, normas e conductas do home e descubrir a lexitimación ou xustificación das mesmas dende un plano individual.
- **Política:** é a disciplina que trata do goberno e organización das sociedades humanas, especialmente dos estados. Xa dende a Grecia Antiga ata os nosos días, o debate político foi unha das cuestións máis relevantes de filósofos como Platón ou Maquiavelo. A política analiza as accións dende un plano colectivo ou social.
- **Estética:** a filosofía ocúpase tamén da beleza e a arte. A estética, do grego αἰσθητική “sensación”, “Percepción”...estuda a orixe do sentimento de beleza e a arte, segundo manifesta Kant na “Crítica do Xuízo”.



“O home que non ten verniz da filosofía pasa pola vida preso dos prexuízos que se derivan do sentido común, das crenzas habituais do seu tempo e do seu país, e daquelas que se desenvolveron no seu espírito sen a colaboración ou o consentimento deliberado da súa razón. Para este home o mundo tende a facerse preciso, definido, obvio; os obxectos familiares non lle dan problemas, e as posibilidades descoñecidas son rexeitadas despectivamente. Dende o momento en que comezamos a filosofar, comprobamos, pola contra (...) que ata os obxectos máis comúns dan lugar a problemas aos que só podemos dar respostas moi incompletas. A filosofía, aínda que non pode dicirnos con certeza cal é a verdadeira resposta ás dúbidas que suscita, é capaz de suxerir diversas posibilidades que amplían os nosos pensamentos e nos liberan da tiranía do hábito. Así, ao diminuír a nosa sensación de certeza sobre o que son as cousas, o noso coñecemento do que poden ser aumenta en gran medida; rexeita o dogmatismo un tanto prepotente dos que nunca entraron na rexión da dúbida liberadora e mantén vivo o noso asombro, presentando obxectos coñecidos nun aspecto descoñecido.”

Russell, B (1912) Os problemas da Filosofía, Cap. 15 Trad de Joaquín Xirau

5. Vixencia e utilidade da filosofía no S. XXI. Áreas actuais de investigación

A ONU na sesión 171ª do ano 2005 alentou ós seus estados membros a traballar na promoción, no fortalecemento e na extensión da filosofía no ensino, porque as sociedades democráticas, formadas por unha pluralidade diversa de persoas e comunidades, proxectos e intereses, demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea e proporcione instrumentos para edificar unha sociedade libre, igual e xusta. A UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura) considera que a materia de Filosofía, o saber máis antigo de Europa, é a ferramenta adecuada que debe servir a este fin.

A filosofía contribúe a formar a unha cidadanía reflexiva, lúcida, participativa, amante das institucións democráticas e con habilidades prácticas na resolución dos problemas específicos das sociedades democráticas avanzadas. Capacita para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de un mesmo.

Esta disciplina académica axuda a que os alumnos e as alumas adquiran a aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. A Filosofía práctica (ética e política) ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade. A UNESCO nomea a Filosofía como "Escola de liberdade" na súa estratexia internacional e no informe de 2007.

A Filosofía impulsa nas persoas o valor da indagación e a reflexión argumentada para descubrir prexuizos, xerar claridade respecto aos obxectivos e ao sentido da vida, detectar sofismas e falacias, atopar puntos de encontro entre posicións diferentes e humanizar as persoas.




Ilustración 2.

A Filosofía axuda a desmontar os argumentos das condutas baseadas nos valores da dominación e a vontade de poder que provocan crises ecolóxicas, económicas e humanas. A meditación filosófica esperta o interese polas demais persoas, estimula a empatía para imaxinar os problemas que lles afectan e crea a capacidade para se emocionar moralmente. Mercé ao autocoñecemento que promove a filosofía, as persoas poden chegar a recoñecer que a fragilidade, a debilidade e a mortalidade non son aspectos negativos e odiosos da existencia humana, senón ocasións para a axuda mutua, a cooperación e a reciprocidade.

6. Filosofía e sociedade

6.1 Filosofía e igualdade de xénero

A situación da Muller foi de opresión durante miles de anos, unha opresión de carácter legal, material, intelectual...erixíndose o masculino coma modelo. A diferenza sexual non ten porque xerar desigualdade, temos (todos e todas) a tarefa de eliminar todas estas crenzas e prexuízos facendo exercicio crítico si é que queremos un mundo millor e mais xusto.

O feminismo é o movemento que representa a forza de moitas mulleres , pensadoras e activistas. Vexamos a súa evolución a través da descrición de tres olas ou momentos :

- **Primeira ola:** (s. XVIII- principios do XIX) loita polos mesmos dereitos civís que os homes. Olympe de Gouges, Harriet Taylor ou Mary Wollstonecraft...
- **Segunda ola:** (segunda metade do XIX e primeiro cuarto do XX) loita polo sufraxio universal e educación superior, igualdade salarial, libertade de ocio, libre vestimenta. As “Sinsombrero”, Clara Campoamor, Simone De Beauvoir...
- **Terceira ola:** (segunda metade do XX comezo do XXI) afiánzase o feminismo intervindo en institucións económicas, políticas, xurídicas ...loitando en definitiva por unha política de igualdade. Celia Amorós, Betty Friedman, Amelia Valcárcel, Judit Butler...

“As mulleres de hoxe están a piques de destronar o mito da feminidade; comezan a facer valer concretamente a súa independencia; pero non sen grandes esforzos viven plenamente a súa condición de seres humanos (...) o prestixio viril está lonxe de borrarse: aínda se apoia sobre sólidas bases económicas e sociais.Por iso, cómpre estudar detidamente o destino tradicional da muller (...) só así poderemos comprender cales son os problemas das mulleres que, herdeiras dun duro pasado, se esforzan por forxar un novo futuro”.

De Beauvoir,Simone 1949, O segundo sexo, Ed.Penguin Random House páx.205

Existen dúas correntes diferentes dentro do movemento feminista que tentan facer crítica da discriminación da muller:

- **Feminismo da diferenza:** parte do recoñecemento da diferenza natural entre homes e mulleres, as cualidades femininas definen á muller (sensibilidade, emoción, coidado...) pero non son nin mellores nin peores cas masculinas senón diferentes e que de xeito complementario ó masculino permitirían un mundo millor. A diversidade non implica dominio polo que partindo do recoñecemento da diferenza o que se reivindica e a complementariedade dos sexos loitando pola eliminación da sumisión.
- **Feminismo da Igualdade:** defende a igualdade do xénero sen matices, igualdade que soio se conseguirá cunha educación que permita a brillantez de homes e mulleres por igual. Somos seres

humanos iguais é a cultura a que xera diferencias unha educación en igualdade permitirá eliminar as situacións de discriminación.

6.2 Filosofía para nenos

A partir de 1968 Mattheew Lipman e Ann Sharp comezan a preocuparse pola infancia e a capacidade de razoar filosóficamente do neno e a nena. Tradicionalmente considerouse que a infancia representaba un “período mítico” previo ó “racional” dos adultos pero a partir da investigación deles viuse que despertando a curiosidade do neno e o asombro son capaces de entender, atopar sentido á realidade favorecendo deste xeito que o neno razoe millor e sexa máis creativo.

6.3 Filosofía e etnocentrismo

Occidente é núcleo de calquera explicación de calquera libro de texto ou manual de historia da filosofía pero debemos ser conscientes si é que queremos ser xustos da existencia doutras manifestacións culturais que ofrecen as respostas ós mesmos interrogantes. Vexamos dúas posturas enfrontadas:


- **Etnocentrismo Filosófico:** a tradición filosófica occidental é a que impón os criterios e modelos á reflexión e dende eses criterios se valoran outras explicacións.
- **Filosofía intercultural:** trata de incorporar outras tradicións de xeito aberto e plural mais alá do mundo académico occidental apostando pola interculturalidade filosófica.

7. Ferramentas filosóficas

A DISERTACIÓN FILOSÓFICA

-Qué é unha disertación? É a expresión escrita ou oral da nosa opinión exposta de xeito razoado, argumentado, congruente e organizado. Máis que respostas o que plantexa unha disertación son cuestións que incitan á reflexión.

-Como se fai? Vexamos os seus elemento básicos:



A DISERTACIÓN

Filosófica

1.-Introducción:
-Xustifica o tema e explica as posturas existentes sobre o mesmo
-Expón a idea central ou tese do que ti opinas

2.-Nú
Expón a crítica ás opinións contrarias á que defendes amosando as suas debilidades. Ollo !!! O Ataque con argumentos non con descalificacións ! Defendemos a nosa tese argumentando e aportando datos, exemplos...

3.-conclusión :
Ofrecemos un resumo breve da nosa argumentación e opinión abrendo a posibilidade de plantexar novas cuestións.




Ilustración 3.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1.	Autoría: Elaboración propia
Ilustración 2.	
Ilustración 3.	